

## REGULAMENTO DA CARREIRA POPULAR

### “XXXII MEMORIAL ADOLFO ROS- VOLTA A RÍA”

O vindeiro día **3 de Decembro de 2017**, ás 10:00 horas, terá lugar a saída do “**XXXII MEMORIAL ADOLFO ROS**”-VOLTA Á RÍA, que se organizará conforme co seguinte:

#### REGULAMENTO XERAL

##### ARTIGO 1

O Concello de Fene, en colaboración cos Concellos de Ferrol, Narón e Neda, organiza a XXXII edición da carreira de media maratón “Memorial Adolfo Ros - Volta á Ría”.

As proba terán lugar o día 3 de decembro de 2017 a partir das 10:00 horas, emperzando cas probas de menores.

##### ARTIGO 2. PARTICIPANTES

A proba está aberta a todos os atletas, federados ou non, sen distinción de sexo.

En calquera caso poderán participar na media maratón os/as nados/as no ano 2001 e anteriores.

Cada corredor/a participa na media maratón baixo a súa responsabilidade e declara que dispón dun nivel de condición física suficiente para afrontar a proba.

A Organización terá potestade para descualificar a calquera atleta que a propósito da súa imposibilidade para participar na proba, proporcione datos erróneos para poder facelo.

### ARTIGO 3. PERCORRIDO E DURACIÓN.

O percorrido será de media maratón (distancia non homologada) sobre asfalto e discorrerá polos concellos de Fene, Ferrol, Narón e Neda e será o seguinte:

#### FENE:

- Avenida do Mar de San Valentín – Rodear vivendas de San Valentín
- Avenida das Pías

#### FERROL

- Avenida das Pías
- Avenida do Mar
- Rúa Tellerías
- Avenida de Esteiro
- Avenida de Vigo
- Rúa Ricardo Carvalho Calero
- Estrada de Castela

#### NARÓN

- Ponte das Cabras
- Estrada de Castela
- Rotonda de Freixeiro
- Estrada de Castela

#### NEDA

- Ponte de Xubia
- Avenida de Xubia
- Avenida Algeciras
- Puntal

#### FENE

- Avda Conces
- Cruce Igrexa
- Avenida das Pías
- San Valentín
- Avenida do Mar

A proba está incluída dentro do calendario oficial da FGA.

A saída e a meta serán no Pavillón polideportivo da Xunqueira – San Valentín.

O Percorrido estará sinalizado cada 5 km.

O tempo máximo para percorrer a distancia será de 2 horas e 20 minutos.

O circuito estará controlado e vixiado pola Garda Civil de Tráfico, Policía Local e Protección Civil dos catro concellos e coa colaboración da organización. Poderán actuar como colaboradores os habilitados pola organización

Está prohibido o acompañamento dos participantes e o uso de coches de apoio. O incumprimento desta norma implicará a inmediata descualificación dos atletas que a infrinxan. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os das forzas de seguridade e os de apoio á organización, que contarán con roupa apropiada e visible.

#### **ARTIGO 4. CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN.**

**4.1)** Unha inscrición é válida cando a persoa participante enche o boletín de inscrición a través da web: [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e realice o pago da inscrición. Poderanse realizar inscricións ata o mércores 29 de novembro ás 23:59 horas.

**4.2)** Os participantes comprométense a:

- Aceptar estritamente tódolos artigos do presente regulamento.
- Aceptar as posibles modificacións da proba ás que a organización se vexa obrigada por causas alleas á súa vontade.

**4.3)** A inscrición da carreira é persoal e intransferible. Non se admitirán devolucións, baixo ningunha causa, do importe da inscrición.

**4.4)** A realización da inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: “Declaro que estou en bo estado físico. Eximo á organización, patrocinadores comerciais, directivos, empregados e demais organizadores, de toda responsabilidade que da participación no evento se puidese derivar tal como: perda de obxectos persoais por roubo ou outras circunstancias, lesións, ...”

**4.5)** A organización resérvase o dereito a rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións do evento que queden expostos no presente regulamento. En caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida neste, estarase ao que dispoña a organización.

Descualificacións: O servizo médico da competición e os xuíces árbitros están facultados para retirar da carreira a:

- Calquera atleta que manifeste un mal estado físico
- Todo/a atleta que non realice o percorrido completo
- Todo/a atleta que non teña dorsal ou non o leve visible, dobre ou manipule a publicidade ou o fotocopie.
- Todo/a atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se retire en protestas ante a organización, á marxe do estipulado no apartado de reclamacións.

## ARTIGO 5. CATEGORÍAS

- Sub 20 - Nacidos/as en 1999 e 2000.
- Sub 23 - Nacidos/as en 1996, 1997 e 1998.
- Sénior - Nacidos/as en 1995 ata 1983.
- Máster A - Nacidos/as en 1982 ata 1977.
- Máster B - Nacidos/as en 1976 ata 1968.
- Máster C - Nacidos/as en 1967 ata 1958.
- Máster D - Nacidos/as en 1957 e anteriores.
- Dicapacitados/as en cadeira de rodas e Handbike (Nacidos/as en 2000 e anteriores)

A organización poderá solicitar documentación onde conste a data de nacemento dos participantes. Se non se achega, poderá ser motivo de descualificación.

## ARTIGO 6. CUSTO DA INSCRICIÓN

Para inscribirse na proba (media maratón), as persoas participantes deberán pagar a cantidade de 4 €.

## ARTIGO 7. CARREIRAS PARA MENORES

A continuación da saída da carreira absoluta terá lugar a carreira das categorías de menores, descorrendo polo Concello de Fene cos mesmos puntos de saída e chegada que a carreira principal na Avenida do Mar de San Valentín, cos seguintes percorridos e distancias:

CATEGORÍA	HORA	DISTANCIA
Sub 18: 2001 / 2002	10:02	4.000 m.
Sub 16: 2003 / 2004	10:02	4.000 m.
Sub 14: 2005 / 2006	10:20	2.000 m.
Sub 12: 2007/ 2008	10:20	2.000 m.
Sub 10: 2009 / 2010	10:35	1.000 m.
Sub 8: 2012 / 2011	10:45	200 m.

As horas indicadas no cadro seguinte son orientativas, podendo ser modificadas pola organización.

As inscricións para as carreiras de menores serán gratuítas e realizaranse a través da páxina web: [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) Poderase realizar a inscrición ata o mércores 29 de novembro ás 23:59 horas.

Non se admitirán inscricións o día da proba.

Os tres primeiros clasificados das categorías participantes masculina e feminina recibirán un trofeo. Agás na categoría Sub 8 onde todos os participantes recibirán un agasallo.

A proba rexerese polo Regulamento do “XXXII Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría” e o da IAAF.

#### **ARTIGO 8. RETIRADA DE DORSAL, CHIP E OBSEQUIO CONMEMORATIVO**

Os participantes poderán retirar os dorsais e chips o sábado, 2 de decembro, de 10:00 a 14:30 h. e de 16:00 a 20:30 h. no Pavillón polideportivo da Xunqueira - San Valentín (Porta posterior do Pavillón contra o centro de ensino CPI A Xunqueira).

O día da proba entregaranse dorsais de 8:00 a 9:00 horas no mesmo lugar que o día anterior (Porta posterior do Pavillón polideportivo da Xunqueira contra o centro de ensino CPI A Xunqueira).

Todos/as os/as corredores inscritos/as na media maratón serán obsequiados/as cunha camiseta conmemorativa.

Os menores poderán retirar o seu dorsal ata 30 minutos antes do comezo da súa proba no mesmo lugar que o resto das categorías

## ARTIGO 9.- TROFEOS E PREMIOS

As clasificacións publicaranse inmediatamente despois de finalizar a proba.

A entrega de premios realizarase ás 13:00 horas no Pavillón polideportivo da Xunqueira (San Valentín) . Os/As premiados/as deberán estar no lugar indicado 10 minutos antes para axilizar a entrega de premios.

Os/As tres primeiros clasificados/as de cada categoría tanto masculina como feminina recibirán un trofeo.. Os/As tres primeiros/as da absoluta masculina e feminina tamén recibirán trofeo. Agás os nenos e nenas da categoría sub 8 que recibirán un agasallo todos eles.

O corredor ou corredora mais veterano/a e o/a máis novo/a en acabar a proba recibirán un trofeo conmemorativo.

Os/As residentes nos concellos organizadores que obteñan premio, deberán xustificar a súa residencia en calquera dos catro concellos (Fene, Ferrol, Narón ou Neda).

Será imprescindible a presentación dun documento que acredite a identidade para recoller os premios.

## ARTIGO 10.- XUIZ ÁRBITRO

Será designado pola F.G.A. para resolver calquera suceso de tipo técnico, interpretando o regulamento da proba. No non previsto por este regulamento, atenderase ás normas da I.A.A.F.

## ARTIGO 11.- CONTROL DA CARREIRA

O control realizarase polos xuíces designados pola Federación Galega de Atletismo (FGA).

Os tempos tomaranse mediante sistema informático. Existirá un control de tempo na saída, no quilómetro 10 e na meta. Só terán validez os chips persoais integrados no dorsal da carreira.

O tempo de carreira só será rexistrado se a persoa participante leva posto correctamente o chip, que irá integrado no dorsal. O dorsal debe levarse na parte dianteira en lugar visible.

## ARTIGO 12.- APELACIÓNS

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Arbitro da Competición non mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos

## ARTIGO 13.- AVITUALLAMENTO

Existira avituallamento líquido, aproximadamente nos quilómetros 5, 10, 15 e 20 do percorrido.

Na zona de meta establecerase o avituallamento final (líquido e sólido).

## ARTIGO 14.- SEGURO

Todos/as os/as participantes estarán cubertos/as por unha póliza de responsabilidade civil e outra de accidentes, a través da Federación Galega de Atletismo.



## ARTIGO 15.- ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Os/As participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir a distancia completa antes de cruzar a liña de meta.

Todos/as os/as participantes, polo feito de formilizar a inscrición, dan o seu consentimento para que a organización, ela mesma ou mediante terceiras entidades, traten informaticamente e con finalidade exclusivamente deportiva, promocional ou comercial, os seus datos de carácter persoal, así como a súa imaxe dentro da proba mediante fotografías, videos, etc.

De acordo co que establece a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, da protección de datos de carácter persoal, o/a participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercitar este dereito deberá solicitalo por correo electrónico a: [cultura.deportes@fene.gal](mailto:cultura.deportes@fene.gal)

Nota: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición, o/a corredor/a consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de Accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas en ruta. En todo caso e tal e como establece a Lei de protección de datos, o/a interesado/a pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo (Avda. Glasgow, Nº13. – 15008, A Coruña).

## ARTIGO 16.- ADAPTACIÓN DO REGULAMENTO

Cada Concello organizador adaptará cada ano os apartados do regulamento da carreira que afecten á edición, percorrido, colaboradores habilitados e idade dos atletas participantes, así como as modificacións que puidesen xurdir con motivo de normas federativas ou do Ministerio do Interior que afectasen ao desenvolvemento da proba.

## OBSERVACIÓNS IMPORTANTES

A *Organización* recoménda aos participantes que con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.

A *Organización* non se fará responsable dos danos morais ou materiais que poidan sufrir os atletas antes, durante ou como consecuencia da súa participación nesta proba.

A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

A *Organización* poderá modificar o presente Regulamento, sen previo aviso por causas de forza maior.. Asemade, resérvase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste Regulamento.

Haberá servizo de duchas e gardarroupa.